

**Festa do Viño  
Espumoso en Salvaterra**

Páxina II

**Covelo inicia a  
redacción do seu Plan  
de Mobilidade  
Sustentable**

Páxina IX

**Salceda en negro  
contra a violencia  
machista**

Páxina X

**A área de descanso dos  
Muíños do Folón terá  
un punto de recarga de  
vehículos eléctricos**

Páxina XV

**Gastronomía e Arte,  
protagonistas dunha  
nova edición de  
“Petiscos con Arte”**

Páxina XVII



## Monção: a partir de sábado há cordeiro todo o ano

Páxina XIX







### Sábado 1 de Decembro

Poderán degustar espumosos acompañados de ostras, lamprea rechea, empanada, mexilóns, tapas, embutidos, filloas, bombóns, turrón e chocolate.

10:00 H.

#### MASTER CLASS DE ELABORACIÓN DE ESPUMOSOS MÉTODO TRADICIONAL - PARTE 1

(Dirixido a enólogos e adegueros)

Impartido por D. Jaime Gramona - Diplôme National Oenologie de Dijón - Francia, Profesor de viticultura e enoloxía da Universidade de Rovira e Virgili Vinos espumosos, organizado pola Cofradía dos Vinos do Condado do Tea e Espumosos.

PLAZAS: 30 PREZO: 30 € INSCRUCIÓN: 606 738 242

12:00 H.

#### ACTUACIÓN DA BANDA DE GAITAS PONTENOVA E APERTURA DE STANDS

13:00 H.

#### APERTURA DE BOTELLAS DE ESPUMOSO CON "DEGÜELLE A SABLE"

17:00 H.

#### MASTER CLASS DE ELABORACIÓN DE ESPUMOSOS MÉTODO TRADICIONAL - PARTE 1

(Dirixido a enólogos e adegueros)

18:30 H.

#### SHOW COFFEE CON ESPUMOSO

Impartido polo Barista Sebas - Cafes Do Noso.

21:00 H.

Actuacións musicais de:

**IRIA ESTÉVEZ  
E  
LA MAFIA**

### Domingo 2 de Decembro

Poderán degustar espumosos acompañados de ostras, lamprea rechea, empanada, mexilóns, tapas, embutidos, filloas, bombóns, turrón e chocolate.

11:00 H.

#### APERTURA DE STANDS

12:00 H.

#### NOMEAMENTO DE NOVOS COFRADES DA COFRADÍA DO VIÑO DO CONDADO DO TEA E ESPUMOSOS NA CASA DO VIÑO

12:30 H.

#### PRESENTACIÓN E BRINDIS.

Armonía e maridaxe dos vinhos espumosos ao público, por D. Luis Paadín (Primeiro Ambassadeur du Champagne de España)

Apertura de botellas de espumoso con "degüelle a sable".

13:00 H. A 14:30 H. E DE 16:00 H. A 17:30 H.

Actuación musical de:

#### A BANDA DO SEQUIO

17:00 H.

#### CURSO DE INICIACIÓN AO MUNDO DOS ESPUMOSOS

Impartido por D. Luis Paadín (Primeiro Ambassadeur du Champagne de España)

- Orixe, elaboracións e actualidade dos espumosos.

- 40 prazas, por orde de inscrición.

- Reservanse 10 prazas para adegas.

- Probaranse 9 vinhos espumosos (Cava, Champagne, Lambrusco, etc.).

- Para asistir ao curso deberán inscribirse no Concello de 9 a 14 horas, dende o día 6 ao 29 de novembro, ambos inclusive, e pagar o importe de inscrición de 10€ nunha entidade bancaria do municipio.

- Entregarase diploma de asistencia

19:00 H.

Actuación musical de:

#### GUILLERMO CASTRO



## Proxecto de promoción de linguas minorizadas

O proxecto RUSH (Re-and Up Skilling Horizons) é un proxecto estratéxico europeo dentro de Erasmus plus-KA2. Iniciou o seu traballo o 1 de setembro de 2017 por un período de tres anos..

As actividades contan coa colaboración de escolas e institucións de tres países europeos: Italia, Croacia e España. Todos os seus socios proceden de rexións caracterizadas pola presenza de minorías lingüísticas: Friuli Venezia Giulia en Italia, Istria en Croacia e Galicia en España, representada polo CEP Carlos Casares e o IES de Salvaterra de Miño, ambos centros do concello de Salvaterra de Miño e a Consellería de Educación.

Os socios colaboran tendo obxectivos comúns: elaborar unha guía plurilingüe (realizada utilizando as linguas oficiais e minoritarias das rexións involucradas no

proxecto) e crear un centro de recursos educativos para a difusión de materiais educativos plurilingües.

A innovación presentada por RUSH é facer que colaboren os países europeos vinculados por antigos lazos históricos e lingüísticos, creando unha forte sinerxía entre todas as institucións e escolas involucradas.

O traballo sobre as principais competencias clave europeas axudará a atopar unha dimensión de ensino/aprendizaxe europea e internacional, proporcionándolles aos profes@s unha cualificación no campo da competencia plurilingüe.

As actividades do proxecto divídense en: eventos multiplicadores e reunións transnacionais, actividades de formación e actividades de ensino e aprendizaxe.

En xaneiro deste ano tivo



lugar o primeiro deles en Cividale del Friuli (Italia), no que se traballou sobre modelos de titorización e prácticas exitosas para ensinar idiomas minoritarios en Europa e o segundo vén de ter lugar o pasado mes de outubro no mesmo lugar. Neste caso, @s docentes de Salvaterra viaxaron acompañad@s por un grupo de alumn@s do IES de Salvaterra de Miño que conviviron varios días con familias italianas, asistiron ás aulas e realizaron actividades de traballo nas

aulas co alumnado croata. O profesorado participou nun programa de actividades e xornadas de traballo coas delegacións italiana e croata para o deseño e a experimentación de accións educativas comúns e innovadoras nunha dimensión transnacional co uso de CLIL e TIC, tendo en conta as condicións organizativas, lingüísticas e culturais específicas dos sistemas escolares.

O vindeiro encontro será aquí, en Galicia, en maio do próximo ano.

## “Historia do Fútbol en Salvaterra”



A Asociación Lazoiro organiza unha exposición onde recolle a historia do fútbol en Salvaterra dende principios do século XX, que mostra 50 fotografías, documentos, vídeos e xornais da época.

A exposición que permanecerá aberta os días 16, 17 e 18 de novembro no Casa da Cultura de Salvaterra, inaugurárase o venres ás 19:30 horas e poderá ser visitada o sábado e o domingo de 10.30 a 14.00 horas, e de 16.30 a 21.30 horas.

A mostra recolle imaxes dos equipos federados como a S.D Salvaterra e O Condado, Progresista de Fornelos, Liréns de Lira, Corzáns e O Castelo de Pesqueiras, así como afeccionados como Alxén, Grixó, Cabreira, el Uracán de Meder e O Casal ou o feminino Liréns.





## MISCELANEA


## O C.P.A. Condado de Salvaterra obteñen bos resultados e conseguen o acceso a Categoría Nacional

### Alia Balboa 3º Clasificada en categoría regional Alevín

Apasada fin de semana 10 e 11 de Novembro, celebrouse en Ferrol a III Fase de Categoría Rexional e Probas de acceso a Categoría Nacional.

En probas de acceso as dúas patinadoras do Club Condado de Salvatierra obtiveron o "apto" para ascender a Categoría Nacional. María Miranda e Noa García das Categorias Benjamin e Alevín respectivamente.

En categoría rexional o Club Condado foi o club con máis participación da provincia de Pontevedra, obtendo bos resultados para as patinadoras: Alia Balboa e Zoe García 3 e 5 respectivamente en Alevíns de segundo ano, Candea Gil 4 en Alevín de



Edu Caride coas patinadoras alevíns do CPA Condado Alia Balboa, Zoe García e Candela Gil.


primeiro ano, Daniela Rodríguez, Aldara Balboa, Dubra Outeiro e Luana Rodríguez obtiveron un 4,6,8 e 9 posto respectivamente e Lucía Soto 9 en cadete.

Con estes magníficos resultados, o Club Condado de Salvatierra móstrase "moi orgulloso do traballo que están a realizar ao longo do ano" e animan a "seguir traballando" aos seus patinadores para as próximas competicións.

## Presentación do libro "Amagos" de Troncoso de Castro, no Sportivo

O vindeiro día 22, co gallo da festa de Santa Cecilia, será presentado nos salóns do Centro Artístico Sportivo un libro editado pola Editorial NOVAS DO EIXO ATLANTICO S.L. do que é autor Antonio Troncoso de Castro.

O acto será arredor das 20 horas, logo da celebración da misa correspondente e cantada pola Coral Polifónica do Centro Artístico Sportivo.



**Chairego de Honra 2018**  
**Raúl Galego**  
**17 de novembro ás 12:00**  
**no Centro Cultural e Recreativo de Vilalba**

**Intervirán:**

- Mero Iglesias
- Xulio Xiz
- David Otero
- Alfonso Blanco
- Xurxo Souto
- Raúl Galego**

Logo xantar de Irmandade no restaurante O Lanzós (20€ - para apuntarse telf. 646 41 38 90)

Organizadora: **Xermolos**

Debuxo creación de Helber Picallo

**O remendón CERRAJERO** **24 HORAS**

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **Duplinox**

Rosalía de castro, 61  
 Salvaterra de Miño

**637 764 865**  
[www.cerrajeroremendon.com](http://www.cerrajeroremendon.com)

**O noso Eido**

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Peixes do Río, Chocón a Frío, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968  
 Telf. 906 658 313 Rúa da Praga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

**PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ**

Rúa Arxentina, 11- Salceda de Caselas  
 ☎ 886 115 546

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño  
 ☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524  
[pinturasfermandomiguez@hotmail.com](mailto:pinturasfermandomiguez@hotmail.com)



■ **Por: Guillermo Rodríguez. Director**



**Daquí, dalí e dacolá**

## Allá van leyes, do quieren reyes

A orixe desta paremia na imposición do rito romano na España cristiá medieval que substituíu ao mozárabe por decisión de Alfonso VI en Toledo, cedendo ao influxo da súa dona de orixe francesa, dona Consanza, así como ás presións dos monxes cluniacenses.

En 1886 Práxedes Mateo Sagasta mostráballo á Corte un bebé recién nacido, fillo único da Rexente María Cristina, destinado a reinar co nome de Alfonso XIII, en momentos históricos especialmente delicados.

Alfonso XII non soubo interpretar a realidade política e social que vivía España. Educado para ser rei sempre aproveitou o enorme poder que a Constitución lle concedía para manexar o País ao seu antollo ata que coas súas decisións partidistas e conspiranoicas conseguiu o que tanto temía: a caída da Monarquía e a chegada da República.

Antonio Cánovas tiña deseñado unha Constitución ad hoc. Nela negábase o sufraxio universal e a liberdade de expresión para os españois. Só se aceptaban dous partidos: o Conservador baseado na aristocracia, nos terratenentes e na clase media, e o partido Liberal que agrupaba os restos dunha esquerda moderada. Quedaba, así, excluído do sistema electoral calquera partido non dinástico, nacionalista ou radical, quedando relegados ao ostracismo e obrigados a derrocar á Monarquía como única forma de acceso ao Poder. O poder do Rei era inmenso: podía sancionar leis ou vetalas, designar ao Presidente do Goberno e a parte do Senado, convocar ou suspender ambas as dúas cámaras, asumir a autoridade da Orden pública e promocionar os cargos militares. Este era o bisavó do actual rei Felipe VI.

A onde queremos ir parar

con este preámbulo histórico? Pois moi sinxelo. Queremos demostrar que o bisneto de Alfonso XIII non ten eses poderes, pero sen embargo non está tan espido como se podería pensar.

Dise, con certa alegría, que o Rei reina pero non goberna. Isto non é de todo certo. Se nos tomamos a molestia de ler con calma a nosa Constitución no seu Título II. “De la Corona”, comprobaremos que Felipe VI ten bastantes poderes, máis dos que vulgarmente se lle supón. Vexamos:



-É o símbolo da unidade de España e da súa permanencia, arbitrando e moderando o funcionamento das insitucións. Asume a máis alta representación do Estado español nas relacións internacionais.

-A persoa do Rei é inviolable e non está suxeita a responsabilidade. Aquí debemos facer unha paréntese para comparar a un adolescente de 12 ou 14 anos que cometa un delito. As leis din que aínda que sexa culpable non é responsable, pola súa idade. Ben, pois o Rei é, neste caso como un neno pequeno, pode cometer calquera delito (violación, furto, traizón, etc.) que non é responsable. Pero, curiosamente, no art. 64, punto 1, dinos expresamente: Os actos do Rei

serán refrendados polo Presidente do Goberno e, no seu caso, polos Ministros correspondentes. A proposta e o nomeamento do Presidente do Goberno e a disolución prevista no artigo 99, serán refrendadas polo Presidente do Congreso, Inmediatamente, no punto 2 dinos que dos actos do Rei serán responsables as persoas que os refrenden.

Ou sexa, que de haber calquera tipo de responsabilidade dos actos do Rei refrendados polos ministros quen se sentará

no Consello de Ministros, conferir empregos civís e militares e conceder honores e distincións segundo as leis. g/ Ser informado dos asuntos de Estado e presidir, a estes efectos, as sesións do Consello de Ministros, cando o estime oportuno, a petición do Presidente do Goberno. //h/ Mando supremo das Forzas Armadas. //i/ Exercer o dereito de graza segundo a lei, que non poderá autorizar indultos xerais. //j/ O alto Patronato das Reais Academias.

polo Rei? Non quedamos en que reinaba pero non gobernaba; logo todo esa parafernalia a santo de que vén?

No artigo 61 podemos ler: O Rei, ao ser proclamado diante das Cortes Xerais, prestará xuramento de desempeñar fielmente as súas funcións, gardar e facer gardar a Constitución e as leis e respectar os dereitos dos cidadáns e das Comunidades Autónomas. Pregunta, como poderá facer gardar a Constitución unha persoa que ten tan pouco Poder? Ou estamos pensando que como Comandante en Xefe dos Exércitos pode mandar intervir unha autonomía, por exemplo?

Como poden observar, non é tan fraco o PODER que ten o Rei. Claro que mentras non faga algo parecido ao seu antepasado, ou tal como parece tivo o seu pai a tentación de facer no 23-F, todo vai ben.

Non é de estrañar que hoxe sexamos moitos os que entendemos non é de recibo que unha persoa non elixida polos cidadáns acapare todo ese Poder. Polo menos que se constituía un Partido Monárquico, que se presente a unhas eleccións e despois dos resultados estaríamos en condicións de saber se os cidadáns deste País eramos monárquicos ou republicanos.

A ver se alguén se atreve a convencer o Rei que a lexitimidade non se pode posuír pola graza e vontade dun grupo de políticos que no seu día escribiron unha Constitución, a someteron a referendo e conseguiron que fose aprobada, cos seus máis e os seus menos, como todos sabemos. Houbo partes do Estado en que non foi votada, pero sen embargo si foi imposta.

Do van leyes, do van Reyes, segue tendo bastante actualidade.

Sexan felices se poden aínda que non sexan monárquicos de toda a vida.

non banquiño dos acusados será o ministro ou ministra correspondente, porque o Rei é inviolable. Non ten responsabilidade ningunha faga o que faga. Que barbaridade!!!, non cren?

Artigo 62// Corresponde ao Rei:

a/Sancionar e promulgar leis / b/ Convocar e disolver as Cortes Xerais e convocar eleccións //c/ Convocar a referendo nos casos previstos na Constitución. // d/ Propoñer o candidato a Presidente do Goberno e, no seu caso, nomealo, así como poñer fin ás súas funcións nos termos previstos na Constitución. e/ Nomear e separar os membros do Goberno a proposta do seu Presidente. f/ Expedir os decretos estipulados

No artigo 63, lemos:

1.-O Rei acredita os embaixadores e outros representantes diplomáticos. Os representantes estranxeiros en España están acreditados diante del. / 2.- Correspóndelle ao Rei manifestar o consentemento do Estado para obrigarse internacionalmente por medio de tratados de conformidade coa Constitución e as leis. /3.- Correspóndelle ao Rei, previa autorización das Cortes Xerais declarar a guerra e facer a Paz.

Esa é a razón pola que os membros do Goberno teñen que render pleitesía diante do Soberano. Se ten tan pouco Poder a que vén que os ministros e o presidente do goberno, membros dos órganos xudiciais, etc. teñan que ser refrendados

## OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

## Podemos quere liquidar En Marea

**P**odemos e a súa socia secundaria, IU, queren liquidar En Marea, converténdoo nun apéndice galego subordinado. O chocante é que contan para isto coa ferramenta de Anova.

No outono de 2015 as plataformas cidadás Iniciativa pola Unión e Encontro pola Marea Galega tentaron construír unha grande candidatura galega de progreso e foron vetadas por unha coalición entre os cumios políticos de Podemos, EU a Anova para as eleccións estatais de decembro, no canto de formar unha estrutura unitaria onde puidesen participar os milleiros de cidadáns adheridos ás devanditas plata-

formas cidadás.

No verán de 2016 fundouse En Marea como organización nacional galega, soberana e de adscrición individual, que habería asumir todo o espazo político xerado pola mobilización cidadá previa. En Marea como organización unitaria foi a fórmula nas eleccións galegas de 2016, liderada por Luís Villares. Mais os cinco deputados estatais de En Marea integraron o grupo de Unidos Podemos no canto de optar, canda Compromís, por cumprir co seu electorado e formar subgrupo autónomo no Grupo Mixto. A visualización desta coalición como forza galega foi un grandísimo fracaso.

Para máis, na asemblea de En Marea do pasado 27, catro dos cinco deputados mareantes refugaron render contas por mor da súa obediencia tripartita no canto da mareante, vulnerando abertamente a proposta Beiras que lles vinculaba.

Porén, das resultas desta operación, os deputados estatais de En Marea xeran 800.000 €/ano que reparten a terzos Anova, Podemos e EU. Estes dous últimos fornecen con eses cartos as súas necesidades estatais. Na sede de Podemos de Madrid hai máis de cen liberados, financiados tamén cos votos galegos.

Na súa xuntanza fundacional do verán de 2016 e nas súas seguintes xuntanzas congresuais En Marea definiuse como organización nacional ga-

lega e soberana. Mais o pasado 27-Ou, cunha diferenza de dous votos, impúxose una Mesa congresual que admitiu posteriormente como votantes ducias de persoas que non pertencían ao censo. Deste xeito, Anova apoiaba a ofensiva de Podemos-IU para neutralizar calquera organización autónoma galega e subordinar En Marea ao proxecto estatal e personalista de Pablo Iglesias.

En Marea xoga a súa supervivencia como forza galega nas vindeiras primarias, así como a súa capacidade de lle dar canle política á pluralidade e á transversalidade da sociedade galega.



## O erro da esquerda española

**N**o sistema da Restauración fusionáronse os republicanos de Castela cos liberais e demócratas do sexenio revolucionario e deste xeito artellaron un sistema corrupto e caciquil de quenda bipartidista. En Catalunya, Euskadi e Galicia naceron as primeiras alternativas froito de cadanseus Rexurdimentos, logo dunha catástrofe de Cuba que amosou que o emperador ía espido. No PNV e nas Solidaritat catalá e Solidariedade galega converxen republicanos federais, demócratas e vasquistas, catalanistas e galeguistas. A esquerda española non

entendeu o que pasaba.

O PSOE, nado no 1879 de fonda raíz game xacobina, nunca comprendeu a plurinacionalidade española e mesmo chegou pactar coa ditadura de Primo de River para partillar da súa Administración. Na II República os republicanos españois tiveron que conceder por forza a autonomía catalá por terse proclamado antes o Estat catalá en Barcelona que a República en Madrid. A esquerda republicana española impediu a efectividade do Estatuto vasco até xa declarada a guerra e o referéndum do Estatuto galego até xuño de 1936.

Azaña, presidente da República e Largo Caballero e Negrín (PSOE), xefes do Goberno republicano, teimaron en reducir o autogoberno vasco e catalán durante a República.

O PSOE amosábase en 1974 e partidario da autodeterminación das distintas nacións do Estado, mais gobernou dende 1982 deseñando activas políticas recentralizadoras que impediron o desenvolvemento de cadanseus Estatutos galego, catalán e vasco, aprobados en 1979 e en 1980. Aznar e Rajoy seguirían ese ronsel recentralizador e españolizante. O PSOE artellou canda o PP un sistema bipartidista dinástico, coa Coroa como eixo, sementando o café para todos entre as rexións españolas

como medio para frear o avance constitucional cara fórmulas de federalismo asimétrico.

No 2014 co xurdimento de Podemos semellaba nacer una forza progresista española que entendía a plurinacionalidade. Mais nos últimos tempos albiscamos a súa recondución ao esquema "patriota" español. Velaí a súa irresponsábel equidistancia diante da crise catalá e a súa inmisión dende Madrid na gobernanza interna dos Comúns cataláns e da galega En Marea.

O problema histórico da esquerda española é que lle mercou e lle segue a mercar á dereita o seu modelo de Estado e a súa ladaíña sobre a suposta existencia dunha Nación española.



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

# Aridos do Mendo, s.l.



## Aridos e Formigóns



# Non, os Reis Católicos non fundaron España

**O Supremo certifica a plurinacionalidade do país ao dictaminar que Felipe II actuaba como rei de Castela e da Coroa de Aragón por separado, algo que seguiu a ocorrer coa chegada dos borbóns.**

**EDUARDO BAYONA**

@e\_bayona

**N**on, os Reis Católicos non fundaron o Estado español, aínda que se trate dun dos fakes históricos máis arraigados no imaxinario dunha parte dos cidadáns do actual país.

Acaba de desmentilo, de novo, o Tribunal Supremo, que desa maneira certifica por pasiva a plurinacionalidade do que hoxe é España, ao dictaminar que Felipe II actuaba como rei de Castela e da Coroa de Aragón por separado, algo que seguiu ocorrendo despois coa chegada dos Borbóns.

O tribunal fixo ese pronunciamiento ao resolver o preito que desde hai uns anos manteñen os descendentes do marqués de Oyra, un título nobiliario establecido polo propio Felipe II en Sicilia, unha illa do Mediterráneo que se integrou na Coroa de Aragón pouco despois de que Pedro III fora coroado en Palermo en 1282 e tras separarse de Nápoles.

**A obviedade de que había máis dun reino**

Felipe II nomeouno o 31 de outubro de 1569 marqués de Oyra a

Melchor de Herrera y Rivera, tesoureiro do Consello Xeral de Castela e señor da cidade siciliana do mesmo nome. Tratábase dun “título pertencente ao Reino de Sicilia, que naquela época pertencía á Coroa de Aragón”, sinalan a Audiencia de Madrid e o Supremo, tribunais que consideran “irrelevante” que a real cédula de concesión “non expresara literalmente que outorgaba a mercede como rei

título nobiliario estea supeditado “á aplicación do réxime xurídico propio dos títulos aragoneses”. E, de feito, ordena aplicar en pleno século XXI un precepto da Compilación dos Foros de Huesca, promulgados por Jaime I O Conquistador en 1247, para decidir quen ten dereito a titularse marqués de Oyra.

“Aos títulos nobiliarios concedidos pola Coroa de Aragón non se lles



de Coroa de Aragón, por resultar un feito obvio que o era”.

É dicir, que ambos tribunais aclaran que máis de medio século despois da morte de Fernando de Aragón en 1516 e de Isabel de Castela en 1504 as dúas coronas seguían sendo independentes e autónomas, por moito que, como consecuencia das alianzas dinásticas, ambas terminaran nunha mesma cabeza.

A sentenza do Supremo anota que esa circunstancia leva a que ese

aplica a lexislación castelá”, resolve, aínda que neste caso o marquesado desaparecera a finais do século XVI, cos Austrias, e fora recuperado en 1984, coa Constitución xa aprobada.

Chama a atención que nin sequera o franquismo, tan contrario nos seus feitos como na súa propaganda a calquera fenómeno que poidera ter a mínima traza de plurinacionalidade, chegara a cuestionar unha realidade deste tipo: as resolucións do preito fan referencia a un “dictame emitido

polo Consello de Estado de data de 13 de outubro de 1951” no que “queda reflectido [do título] a súa orixe e pertenza”.

**Unha monarquía con máis de quince reinos**

Esta non é a primeira vez que o Supremo ratifica a existencia de máis dun reino (é dicir, Estado) na península ibérica con posterioridade aos reis católicos e sen incluír a Portugal.

De feito, nun preito similar ao do marquesado de Oyra dirimido en 2015, o referente á baronía turolense de Pobedilla, o tribunal deixou claro que o reino de Castela e a Coroa de Aragón seguían sendo entidades autónomas incluso trala chegada dos Borbóns coa vitoria de Felipe V na Guerra de Sucesión e a publicación, entre 1707 e 1716, dos decretos de Nueva Planta cos que desmantelou as institucións propias dos territorios que integraban o segundo deses suxeitos políticos. Esa baronía, creada en 1728, era “un título do reino de Aragón”.

A firma do Duque de Anjou nunca incluíu a palabra “España”, que tampouco figurou nunca nas rúbricas dos reis da Casa de Austria nin tampouco nas dos Reis Católicos. Aquel titulábase monarca de 24 reinos, entre os que se encontraban Castela e Aragón e outros que se foran incorporando a esas dúas coroas con maiores ou menores doses de autonomía, caso de León, Navarra, Granada, Toledo, Valencia, Galicia, Mallorca, Menorca, Sevilla, Córdoba, Murcia, Jaén, Canarias, Algeciras e, tamén, os territorios de Córcega, Cerdeña e as Dúas Sicilias, formado pola illa e por Nápoles.

O listado incluía títulos nobiliarios como o condado de Barcelona e os señoríos de Vizcaya e de Molina.

**FORO A PENEIRA**

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursoseshpanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Samiénto Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)

T. 986 64 12 69

x.foroapeneira@gmail.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
x.foroapeneira@gmail.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 226-2018

## OPINIÓN

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

## Soñar unha Galicia mellor

Audimos á Pobra de Trives á celebración do Día da Restauración da Memoria Lingüística. A convocatoria, feita pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e o concello de Pobra de Trives, e a colaboración estimable de Reme Martínez, xuntou ben xente nun acto no que participaron o Orfeón Trivés e a Banda de Gaitas os Trintas. A profesora Ana García leu un poema escrito para a ocasión por Raquel Pérez, e o empresario Benigno Pereira fixo outro tanto lendo un poema de Manuel Luís Acuña. O escritor e académico Xosé L. Franco Grande chamou aos presentes ao compromiso coa defensa da galegitude, que todos secundaron coa sinatura da Acta de Vontades. O profesor Xosé Manuel Cid leu a súa manda testamentaria editada no libro “En galego, agora e sempre” repartíndose exemplares da publicación aos asistentes.

Rematado o acto tivemos ocasión de aproveitar a fin de semana convidados polo empresario Manuel Rial, propietario do Pazo da Pena de Manzaneda, dedicado á turismo rural; unha construción do século XVIII fermosamente rehabilitada e na que a lingua galega está omnipresente.

Mentres visitábamos as estancias do pazo viñan ao noso maxín as vicisitudes que tollen o desenvolvemento económico do rural galego. Domingos Diéguez, o alcalde do Concello, confesounos a súa preocupación pola desertización do noso agro e concellos da montaña. Hoxe o 82% da poboación en Galicia vive no 17% do territorio; o resto é un ermo habitado por vellos que xa non traballan a terra. A desfeita é de tal envergadura que máis dun milleiro de granxas de leite pecharon, perdendo o lácteo galego máis do 40% de explotacións durante a última décadas, con case 6.000 instalacións abandonadas.

Neste contexto de crise estrutural do sector primario hai iniciativas que intentan remontala con propostas que apostan polo aproveitamento dos recursos naturais. Isto é o que fai, por citarmos un caso, Amarelante Sociedade Cooperativa, un proxecto de recuperación de soutos en estado de abandono para a produción de castaña de calidade e fariña elaborada a partir do produto.

Benigno Pereira, o propietario de Queixos Bama, a maior empresa de produtos lácteos de Galicia, tamén aposta por reactivar a economía triveña desde o Pazo de A Corga, cunha explotación de 32 hectáreas, con 2.500 castiñeiros e unha plantación de vides das que sae un viño excelente embotellado e etiquetado en galego co nome do pazo. Unha explotación agraria circundada pola Vía XVIII, que unía Braga con Astorga, que constitúe unha verdea verde cobidaza polos amantes da natureza. Camiñando por ela chegamos ás ruínas dun muiño movido polas augas do río Cabalar onde José Salgado puxera en marcha unha fábrica de chocolates -Chocolates Fénix- marca

que agora os seus bisnetos explotan en Buenos Aires, onde emigrara o seu avó.



Temos insistido máis dunha vez na idea de que os concellos do interior de Galicia deberían celebrar semanas monográficas dedicadas aproximar aos consumidores das grandes urbes os produtos elaborados por moitas iniciativas que aínda malviven do rural galego. Ao tempo, eses escenarios serían o marco axeitado para daren a coñecer as bondades das paisaxes galegas e fomentar o turismo rural co coñecemento do País.

O Foro Peinador vén facendo fincapé na necesaria complicidade dos consumidores e onsumidoras cos produtos elaborados por moitos emprendedores que poden fracasar no seu intento de crearen estruturas económicas que fixen poboación nesas terras castigadas pola falta dunha política institucional poñendo dese modo á desfeita.

Ramón Coira Luaces

## Por unha RTVG ao servizo do pobo galego e non só do PP

Asómbreme o valor e a honestidade de moit@s d@s traballadores e traballadoras da RTVG que levan meses protestando en defensa da súa profesionalidade e dunha RTVG ao servizo de Galiza e que non funcione como correa de transmisión das consignas do Partido Popular. A Xunta incumpe a Lei de medios e non

pasa nada, non é portada dos xornais. Queren acabar cos produción propia e tampouco é noticia. O PP reprime ao cadro de persoal e manipula a información e tampouco pasa nada. A nefasta maioría absoluta do Partido Popular permítelle converter un servizo público nun servizo privado a súas ordes. Menos mal que non con-

tan co silencio cómplice do persoal que alí traballa. Parabéns a tod@s, moito ánimo e moita sorte. Aínda que non sexa titular da maioría da prensa que se le en Galiza, moita xente si sabe e está ao tanto do voso tesón e da vosa loita. Igual non conseguides todo o que pretendedes, pero sen loita non se consegue nada. E algo xa lograstes: o aprecio da parte máis consciente do pobo galego. A televisión e a radio públicas teñen unha importancia fundamental á hora de entreter e educar -que non adoutri-

nar-, por iso lamento a desaparición do Diario Cultural que dirixía Ana Romaní. A RTVG debe ofrecer unha información veraz e respectar a pluralidade da sociedade galega. E non sempre é así. Porén a esperanza de contarmos algún día cun servizo plenamente público, plural e de calidade mantense viva grazas a vós. Parabéns de novo e grazas.



## A crise do réxime do 78

A crise do Réxime do 78, non vén só dada pola corrupción xeneralizada (principalmente no PP) e o desprestixio de moitas institucións oficiais. Ten un componente territorial -que persiste no tempo- e que agora pon enriba da mesa sobranceiramente o independentismo catalán cun custo moi elevado para elas e eles. E tamén ten un componente social que puxo

enriba da mesa o 15-M e outros partidos e forzas de esquerdas englobados aí ou fóra daí, como o BNG e a CIG. Tampouco nunca antes se cuestionara á monarquía como agora, pois estaba blindada mediaticamente e construírase en torno a ela un relato que a presentaba como salvadora da democracia no 23-F; relato que hogano non ten moita credibilidade. A monarquía

non só é elitista e anacrónica, senón que tamén se viu afectada pola corrupción e sobrevive ao marxe da realidade plurilingüística e plurinacional do Estado; toma partido polas posturas máis centralistas e non é neutral. E, por se fose pouco, é herdeira dunha feroz ditadura.

Desta crise enorme eu entendo que só se pode -e debe- saír con máis democracia. Falando de todo e con tod@s e facéndose eco das xustas reivindicacións sociais e nacionais.

O contrario é enterrar a democracia ou baleirala de contido. O que para min está claro -e o estaba moito máis para Castela- é que Galiza é unha nación e ten dereito a ser dona de si e a decidir libremente o seu futuro. Negar isto non sei se será fascismo, pero desde logo non é democrático. E é difícil vivir intentando ser coherente con este principio básico; porque enfronte temos un sistema que o adoita impedir, corrompendo ou violentando ás persoas.



## Covelo inicia a redacción do seu Plan de Mobilidade Sustentable

O Concello facilitará a participación da veciñanza mediante enquisas, mesas de traballo e un cuestionario on-line

O Concello de Covelo ven de iniciar a redacción do seu Plan de Mobilidade Sustentable para o que contará coa co-financiación da Deputación de Pontevedra. O desenvolvemento do PMS servirá como ferramenta de planificación estratéxica do seu territorio a través do fomento dunha mobilidade sustentable, que procure unha accesibilidade universal e implique transformar múltiples hábitos da mobilidade urbana. A implantación de formas de desprazamentos máis sustentables (camiñar, bicicleta, transporte público) está estreitamente ligada á redución da contaminación, mellora do entorno urbano e ao impulso da inclusión social.

Como inicio do proceso de toma de datos, o equipo redactor xa comezou a recoller as opinións da veciñanza me-

diante enquisas presenciais en distintos puntos do concello. Adicionalmente estase a avaliar a calidade do espazo público e localizar aqueles puntos sobre os que resultaría de especial interese actuar.

Nos vindeiros días porase tamén en marcha, a través da web do Concello de Covelo, unha consulta dixital online na que calquera persoa residente neste termo municipal terá a opción de participar de xeito que sexa posible coñecer tanto as demandas e propostas, como os hábitos de mobilidade dos seus veciños e veciñas en relación ao Plan de Mobilidade Sustentable. O cuestionario online, que será de carácter anónimo, poderá cubrirse ata o domingo 9 de Decembro.

Dita consulta virá a sumarse ás mesas de participación cidadá, na que os diferentes colectivos e a veciñanza in-

teresada poderán participar ao longo do día 29 novembro en horarios de mañá e tarde en dependencias municipais. De xeito adicional poderán enviarse suxestións ao correo electrónico [covelo@plande-mobilidade.com](mailto:covelo@plande-mobilidade.com).

A necesidade de desenvolver un Plan de Mobilidade no Concello de Covelo xorde a raíz da crecente preocupación polo medio ambiente e o fomento de modos de transporte sustentables. O Plan comezará cunha fase inicial de toma de datos e análise da situación actual, fase tras a cal procederase á diagnose dos problemas concretos de Covelo en canto á mobilidade e uso do espazo público. Este proceso permitirá orientar a busca de solucións, propostas e conclusións que axuden a mellorar a mobilidade actual no ámbito da sustentabilidade.

## As Neves inicia os traballos do Plan de Mobilidade Sustentable

O Concello das Neves presentou a posta en marcha dos traballos para a elaboración dun plan estratéxico que busca avaliar e planificar as necesidades presentes e futuras de mobilidade para as persoas e mercadorías mediante procesos técnicos e de participación cidadá.

Este plan permite contar cun deseño completo de todo o Concello, marcando as necesidades, as prioridades e os orzamentos das distintas tarefas a desenvolver.

Unha vez rematado e aprobado este debe ser enviado a Deputación, quen financia o



75%, para o seu visto bo e aprobación definitiva.

O Alcalde das Neves, Xose Manuel Rodríguez, indica que o dispor desta ferramenta vai ser un condicionante para

optar a subvencións europeas, co que As Neves ao dispor dela estará en mellor disposición que outros lugares para ser receptora desas axudas.

## Cita co ciclocross en Ponteareas



O concelleiro de Deportes, Benito Márquez, presentou xunto ao presidente a Federación Galega de Ciclismo, Juan Carlos Muñiz e ao presidente do Club Ciclista Ponteareas, Marcos Porto, a proba de ciclocross que terá lugar este domingo 18 de novembro a partir das 09:30 horas no campo de adestramento do club nas Cachadas, Ponteareas.

Ás 09:30 horas comezarán as probas de promoción para comezar ás 10 horas a proba master 40, 50 e 60 e xa ás 11 horas o master 30. Ás 12:15 será lo momento da categoría cadetes e ás 13 horas junior/elite e Sub23 competirán as féminas máster.

Esta proba que se enmarca dentro da Copa de Galicia de Ciclocross achegará a Ponteareas ciclistas de todos os clubs.

## CONCURSO DE CARTELES "LIX FESTA DA LAMPREA"



**Premios:**  
1o Premio: 600,00 euros.  
2o Premio: 300,00 euros.  
3o Premios: 100,00 euros.

Poderán participar no concurso todes interesades no mesmo.  
O prazo finalizará o día 28 de decembro de 2018

-INFO:  
[WWW.CONCELLODEARBO.ES](http://WWW.CONCELLODEARBO.ES)





## CONDADO/PARADANTA

## Ponteareas contará cun técnico para a compostaxe comunitaria

Dentro do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, Ponteareas é un dos doce Concellos adheridos que a partir de mediados de novembro contará cun mestre composteiro propio para atender aos centros de compostaxe comunitario actuais e aos que se prevé ampliar nos vindeiros meses.

Este técnico dará asesoramento aos veciños que aporten os restos orgánicos aos composteiros comunitarios.

As adxudicacións foron realizadas pola Deputación tendo en conta as mellores cualificacións acadadas durante o proceso de selección.

Esta aposta, do goberno presidido por Xosé Represas, pola



compostaxe e a reciclaxe dos residuos ten como obxectivo un tratamento sostible, ecolóxico e eficiente dos residuos, ao tempo que se reduce a cantidade de lixo que Ponteareas envía a Sogama para o seu tratamento e que representa un coste anual de 500.000 de euros

para a facenda municipal.

“A normativa europea fixa uns obxectivos ecolóxicos que nos vindeiros anos os Concellos debemos cumprir en canto ao tratamento dos residuos orgánicos pois do contrario poderíamos ter que cargar con graves sancións”, explica o Alcalde.

## Protección Civil Ponteareas aberta a novos ingresos

A Concellería de Seguridade Cidadá que dirixe Vanesa Fernández informa aos cidadáns do novo número de teléfono da agrupación de Protección Civil de Ponteareas, un número de teléfono no que poderán informarse dos servizos da agrupación ou mesmo solicitálos.

O número de teléfono 671 386 984 tamén valerá para obter información sobre as funcións da agrupación e os requisitos para formar parte da mesma. Protección Civil Ponteareas abre un período de captación para dar a coñecer a súa importante labor al-

truista e brinda a oportunidade de traballar en equipo en favor da veciñanza e recibir formación en materia de emerxencias, entre outras actividades e funcións.

A concelleira de Seguridade Cidadá aposta pola formación e ofrece cursos de formación para todos os membros da agrupación ao longo do ano como o que se ven de realizar no Centro de Desenvolvemento Local (CDL) no que se impartiron protocolos de actuación en emerxencias e se expuxeron os casos nos que debe intervir protección civil e as súas funcións e utilidade de cara a sociedade.

**Abogados Moreno**

bsuarez@abogadosmoreno.es    www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil  
Empresarial  
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal    www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

# Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—  
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



**PÉREZ - LEMA**

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo  
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com    Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña



## José Manuel Gil e Aroa Sío, gañadores do «Trail Orixes» de Mondariz

Mondariz foi o domingo día 11 escenario do «Trail Orixes» organizada pola Asociación Deportiva Mondariz, convertendo ao municipio do Condado na capital pontevedresa do trail, unha modalidade deportiva que cada día conta con maior número de practicantes e cun maior número de espectadores que poden gozar dun espectáculo deportivo de primeira orde e, ao mesmo tempo, das paisaxes naturais polas que discorren estas probas. A pesar das malas condicións meteorolóxicas da xornada, a proba foi todo un éxito e camiña claramente cara

a súa consolidación.

José Manuel Gil Bernárdez e Aroa Sío Seijo foron o gañador e gañadora da proba absoluta de 46 quilómetros Maratón. Pola súa banda, José Luis Dorado Vieitez e Serafina Pereira Giráldez eran os gañadores do Trail de 26 quilómetros, mentres que Ismael González González e Natalia Sierpes Pereira impoñíanse no MiniTrail de 14 quilómetros.

Por equipos os gañadores foron na proba de 46 km maratón: Caminhantes do Condado; na de 26 km Trail: Lodeiros Trail e finalmente, na proba de 14 km MiniTrail: Orixes Mondariz.



## Salceda en negro contra as violencias



O Concello de Salceda de Caselas adheriuse por segundo ano á campaña “En negro contra a violencia”, unha iniciativa xurdida en 2015 no Concello de Santiago e á que se sumaron o ano pasado 75 concellos de toda Galicia. Este ano a campaña chega a 97 Concellos e 3 Deputacións, e o Concello de Salceda de Caselas non quixo ser menos e aceptou o convite feito dende o Concello de Santiago de Compostela. A responsable da área de Igualdade en Salceda de Caselas, Tere Pérez, convidou aos comercios da vila a ser partícipes desta campaña de concienciación

contra a violencia machista. Así, no caso de Salceda de Caselas son xa numerosos os establecementos e colectivos que estes días están a comunicar a súa adhesión á campaña. A acción consiste en tinguir de negro a vila na semana do 19 ao 25 de novembro, a través dos escaparates, os manequíns, a roupa de traballo... é dicir, trátase de amosar o loito en sinal de dor por tódalas mulleres que sofren violencia machista e como resposta á máis dura das súas consecuencias: a morte. O ano pasado participaron na campaña máis de 60 establecementos comerciais da vila, así como

numerosos colectivos sociais, culturais, deportivos, educativos, etc.

O Concello de Salceda está a dar importantes pasos na loita contra a violencia de xénero. Así, nestes días vanse realizar acción formativas nos centros escolares de primaria e secundaria, para concienciar aos nenos e nenas na importancia da igualdade e do rexeitamento á violencia de xénero. O Concello ofrece ademais un servizo de asesoramento xurídico ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que en numerosas ocasións se ven perdidas e sen saber a onde recorrer para saír dunha situación límite.

## A Agrupación de Electores de Arbo denuncia irregularidades no orzamento municipal

Os votos en contra da Agrupación de Electores, o PP de Arbo vén de aprobar no Pleno uns orzamentos que incumpren as normas básicas que rexen na elaboración deste importante documento.

O principal incumprimento, manifestada pola voceira Fabiola Durán, é que as contas non foron presentadas cadradas, é dicir, no documento presentado ao pleno aparecía un déficit de 460.000 euros entre os ingresos ou e os gastos. Isto non é “un problema menor”, como manifestou o Alcalde. AS contas do Concello debían estar cadradas, como así se manifestaba no Informe da Intervención, pero nos documentos presentados aos grupos políticos os ingresos situábanse en 2.444.177,07€. Mentres, gastos estarían situados en 2.903.728,17€.

Que contas son as que aprobou o PP? Manterá o goberno do PP ese déficit? E si o corrige, que fará, reducir os gastos ou incrementar os ingresos? E neste último caso, en que partidas? Faga o que faga, será un procedemento totalmente viciado e contrario á

Lei. O Alcalde de Arbo e o Concelleiro de Facenda, deberían explicar con claridade as razóns que os levan a cometer esta clara irregularidade. E, así mesmo, deberían asumir as responsabilidades políticas que se deriven desta manifesta incompetencia.

O procedemento de aprobación incumpria outros requisitos esixidos pola normativa. O máis evidente é que non se presentou o estado da liquidación de ingresos e gastos dos primeiros seis meses.

A voceira Fabiola Durán, da Agrupación de Electores de Arbo anuncia que presentará as alegacións correspondentes durante a súa exposición pública e comunicará á Dirección Xeral da Administración Local e ao Consello de Contas de Galicia as graves irregularidades nas que está a incorrer o goberno de Arbo.

Por outra parte, no Informe da Intervención tamén se indica que os orzamentos presentados por Horacio Gil incumpren a norma do gasto. É evidente que isto tamén coloca ao Concello de Arbo e ao seu orzamento para 2018 fóra da legalidade vixente.



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Cultura entrega os premios da II edición das xornadas de teatro do Amador Ponte-Teatro



A concellería de Cultura do concello de Ponteareas que dirixe Hortensia Bautista ven de entregar os premios da II edición das Xornadas de Teatro do Amador Ponte-Teatro.

Esta iniciativa que promociona os grupos de teatro e os seus actores e actrices permitiu ofrecer durante as fins de semana de outubro sesións de teatro a prezo reducido e agasallando ao público con premios a través de distintos sorteos.

O xurado outorgou o premio ao mellor decorado ao grupo "Petanaporta" pola posta en escena de "Ai Carmela". O galardón para o mellor vestuario foi para o grupo de teatro Que2 que representou a obra "Cachodesqueches". O mellor actor secundario pola súa interpretación na obra "Véndese burra" foi Antonio Álvarez. A mellor actriz secundaria pola súa interpretación de Ana na obra "Agora os vellos xa se poden namorar" para María

Rita Morán. A mellor actriz principal polo papel de Rudesinda na obra "Véndese burra" do grupo de teatro de Celeiros para Carmelinda Seoane. O premio ao mellor actor principal polo seu papel na obra Ai Carmela do grupo "Petanaporta" para Paco Pernas. A mellor dirección recae no grupo "Que2" que representou a obra "Cachodesqueches" e o premio á mellor obra nesta II Mostra de teatro Ponte-Teatro para o grupo Pena do Equilibrio.

## Os bombeiros levan ao rural a campaña de prevención en detección de fumes

A concellería de Seguridade Cidadá que dirixe Vanesa Fernández imparte en colaboración cos Bombeiros de Ponteareas charlas informativas dentro da campaña de prevención en detección de fumes.

Vanesa Fernández insiste na importancia da prevención e de informar e formar á veciñanza para que saiban reaccionar ante o suceso e poidan mesmo evitar un incendio tomando as primeiras medidas de urxencia máis axeitadas.

Entre os días 6 e 9 os




bombeiros visitaron as parroquias de Pías, Fozara, Santiago de Oliveira, San Lourenzo de Oliveira, Cumiar, Celeiros, Guillade, Padróns e Ribadetea e antes tiñan

visitado outras parroquias, como Arcos, que aparece na fotografía.

Os bombeiros repartiron entre os asistentes detetores de fume para os fogares.

## Ponteareas No Tempo inaugura exposición en Areas

A concellería de Cultura e Lecer, Turismo e Normalización Lingüística do Concello de Ponteareas, dirixida por Hortensia Bautista, organiza unha exposición de fotografía histórica na parroquia de Areas na que se fai un percorrido polos costumes, tradicións, fútbol, festas e romarías da parroquia co obxectivo de recuperar e pór en valor a memoria colectiva da veciñanza.



A exposición "Areas no Tempo" poderá visitarse durante todo mes, os sábados, domingos e festivos en horario de 16:00 a 21:00h. na Casa Cultural da parroquia.

Esta iniciativa encádrase dentro do proxecto "Ponteareas no Tempo", emprendido pola concellería de Cultura e Lecer,

de recompilación de imaxes históricas.

As fotografías e as súas historias pódense visitar na web [www.ponteareasnotempo.gal](http://www.ponteareasnotempo.gal).

Esta iniciativa realizarase nas parroquias que o soliciten. Esta é a segunda exposición organizada trala de Bugarín.

## MAGOSTO E SAMAIN COVELO 2018

O sábado 17 de novembro ás 18:30 h.  
nos baixos do Pavillón Municipal

Coa actuación de:

**Pandereteiras Serra do Suido.**

**Grupo de música e canto tradicional de Cidadelle.**

**Obradoiro Infantil a cargo de ANIMAR-T**



**E como non, neste tempo non poden faltar as tradicionais castañas asadas, chourizo con pan, refrescos e viño.**





## PONTEAREAS

## Esquerda Unida traballa contra a privatización dos servizos da auga

Esquerda Unida Ponteareas rexistrou unha proposta no Concello para iniciar o proceso de remunicipalización dos servizos de abastecemento de auga potable e de saneamento e depuración.

Estes servizos son xestionados pola empresa Viaqua, anteriormente Aquagest, desde o ano 1989. Nun principio a empresa concesionaria xestionaba unicamente o servizo de abastecemento de auga potable, pero no ano 1998 ampliouse o contrato ao saneamento e depuración de augas residuais, prorrogándoo ademais ata o ano 2020 e posteriormente, no ano 2013, ampliouse á xestión da Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP). Cabe lembrar que esta última ampliación do contrato que o estendeu á xestión da ETAP, motivou que se rexistrara o Concello

de Ponteareas no marco da investigación da Operación Patos. Naquel rexistro, axentes de aduanas incautaron a documentación relativa ao expediente de contratación do Concello de Ponteareas con Viaqua, documentación que a día de hoxe non foi devolta polo xulgado.

Tendo en conta que o contrato coa empresa concesionaria remata no ano 2020 e dada a tramitación esixida legalmente para poder recuperar o servizo, EU considera que o proceso de remunicipalización debe iniciarse xa mesmo para poder recuperar para o Concello a xestión do servizo. Para isto, a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, esixe que se determine a "forma máis sostible e eficiente" de xestionar o servizo, o que obriga á creación dunha comisión que elabore unha memoria a ese respecto.



Para Esquerda Unida, a auga é un ben público básico que nunca debeu saír da xestión pública e que non debe estar condicionado polos intereses do mercado. EU considera que a remunicipalización deste servizo fará unha maior racionalización do mesmo, cambiando as actuais tarifas que establecen un consumo mínimo excesivo; mellorará a xestión do mesmo e garantirá unhas condicións laborais dignas para os traballadores e traballadoras do mesmo.

## Infancia e Mocidade celebran da man das concellerías de Ensino e Mocidade un pleno extraordinario

A concellería de Ensino, que dirixe Cristina Fernández, aposta unha vez máis pola participación e convoca aos centros escolares ao pleno da Infancia e Mocidade que terá lugar o vindeiro 27 de novembro ás 10:30 horas.

En colaboración coa concelleira de Mocidade que dirixe Verónica Carrera e co obxectivo de formar cidadáns responsables, comprometidos e participativos, traballan nestes días cos centros escolares con alumnado escolarizado nas etapas de primaria e ESO para concretar o grupo que representará os intereses da comunidade

educativa converténdose en concelleiros e concelleiras que exporán no salón de plenos dous temas previamente debatidos nas súas aulas.

Do que nese salón de plenos se decida tomarán boa nota os concelleiros e concelleiras do goberno xa que en Ponteareas as opinións e as suxerencias do alumnado son fontes de información das que se nutren as diferentes programacións específicas para mocidade e infancia.

Cristina Fernández convida ás nais e pais a asistir e ser testemuña dos acordos e compromisos que este pleno da infancia e mocidade toma.

"Ponteareas é unha cidade amiga da infancia na que a visión dos máis novos conta. So mediante a participación conseguiremos un futuro máis igualitario, máis comprometido e máis responsable. Que mellor que eles mesmos para falarnos das súas necesidades e expectativas!!!", explica Fernández Davila.

Pola súa parte a concelleira de Mocidade salienta que os mozos e mozas de Ponteareas están moi implicados no futuro da súa cidade e así o demostraron no deseño da programación específica na que traballaron de xeito conxunto.

## As mulleres obterán ferramentas para traballar a autoestima co programa "Tecendo Autonomía"

A concellería de Benestar Social, Igualdade e Mocidade que dirixe Verónica Carrera convida a todas as mulleres a participar no programa "Tecendo Autonomía" que se desenvolverá do 13 ao 29 de novembro de 10 a 12 horas na biblioteca municipal.

Dirixido a mulleres que busquen ferramentas para traballar e reforzar a autonomía e a autoestima a través do traballo en grupo.

A concelleira adianta que nestas xornadas desenvolveráanse técnicas para relacionarse en igualdade e para autocoñecerse.

Tamén se facilitará un espazo que fomente as relacións igualitarias e tratarase de coñecer e reflexionar sobre a construción social da desigualdade.

Este programa de acompañamento que durará doce horas,



é unha das accións máis que esta concellería desenvolve ao longo do ano ofrecendo formación, información e concienciación a través de distintas campañas de sensibilización, cursos e programas específicos para toda a cidadanía ao longo de todo o ano.

Todas as interesadas deberán inscribirse no enderezo electrónico [axenteigualdade@ponteareas.gal](mailto:axenteigualdade@ponteareas.gal) ou no teléfono 986644653 ou no Cím en Rúa Oriente 8, 2º andar.

NENAS/OS A PARTIR DE 5 ANOS  
DO 5 DE NOVEMBRO  
AO 21 DE DECEMBRO

**Obradoiros infantís de outono**

Luns 16:30 a 17:30 Casa Cultural Prado  
18:00 a 19:00 Casa Cultural Areas

Martes 16:30- 17:30 Casa Cultural 'Antorcha'  
18:00 a 19:00 Casa Cultural Guláns

Mércores 16:30 a 17:30 Casa Cultural Bugarín  
18:00 h. a 19:00 Centro Cultural de Xinzo

Xoves 16:30 a 17:30 Casa Cultural de Guillade  
18:00 a 19:00 Casa Cultural San Mateo

**PONTEAREAS**  
CONCELLO



## VAL MIÑOR

OIA / BAIONA

## O audiovisual Memorias de Oia estreouse na Semana Cultural de Pedornes

O Centro Cultural de Pedornes acolleu o venres día 9 a estrea do audiovisual Memorias de Oia, unha compilación de vivencias e anécdotas coas que as persoas maiores de diversos lugares do municipio lembran e describen como era a vida en Oia nos seus anos mozos. Relatos sobre o traballo, dificultades, festas e historias do día a día narradas polos seus propios protagonistas co obxectivo de evitar que todo este patrimonio inmaterial caia no esquecemento.

O traballo audiovisual presentado dentro da programación da XXXII Semana Cultural de Pedornes, é froito de meses de traballo no deseño e desenvolvemento das entrevistas e a edición de todo o material gravado.

Trátase dun documental de aproximadamente hora e media de duración a través do que se poderá descubrir a realidade histórica de Oia ao tempo que



se pon en valor o patrimonio inmaterial: costumes, tradicións, oficios e especialmente a lingua galega e as variantes dialectais da zona.

Este proxecto é unha iniciativa do Concello de Oia e contou cun investimento total de 2.202,20 euros, financiados cunha subvención da Xunta para a promoción do uso da lingua galega (1.595 euros) e máis cunha achega municipal.

O documental foi gravado por Samaín Producións e contou coa colaboración de Patricia Muñoz da Asociación Costa dos

Castros e de Chicho, veciño de Pedornes que achegou material audiovisual histórico. Tamén hai que destacar a axuda das familias das persoas entrevistadas, as cales brindaron a súa amabilidade e dispoñibilidade á hora de organizar as sesións.

Debido á grande cantidade de material recollido dentro do proxecto Memorias de Oia, e tendo en conta que o proceso de entrevistas aínda permanece aberto, nos vindeiros meses editarase unha segunda parte do documental.

## O Concello de Oia organiza un concurso de debuxo infantil sobre os Reis Magos

O Concello de Oia organiza un concurso de debuxo infantil para que os máis pequenos poidan expresar a súa visión sobre os Reis Magos. O traballo gañador ilustrará o cartel da Cabalgata de Reis.

No concurso poderán participar todos os nenos e nenas que estean matriculados nalgún dos centros escolares de Oia (CEIP Mestre Manuel García e CEIP Refoxos) e a técnica a em-

pregar é libre: acuarelas, lapis de cores, pinturas de cera, rotuladores, etc.

O traballo gañador ilustrará o cartel do Concello de Oia sobre a Cabalgata de Reis. Haberá tres premiados, os cales recibirán un agasallo o día 5 de xaneiro despois da Cabalgata.

Os debuxos deberán presentarse nos colexios, en horario escolar. O prazo de entrega xa está aberto e remata o día 30 de novembro.



## A Deputación facilita a apertura do Campo do Aral en Baiona

O deputado e voceiro do goberno da Deputación de Pontevedra, Carlos Font, confirmou que a institución provincial facilitou en 24 horas unha solución ao concello de Baiona para que poida proceder á inmediata reapertura do campo de O Aral. O obxectivo era resolver o conflito creado ao club Erizana polo retraso das obras da reforma do estadio, que leva a cabo o concello e que unicamente competen á Deputación en canto a que son financiadas con cargo ao Plan

Concellos.

O alcalde de Baiona solicitou o pasado día 2 de novembro que a Deputación de Pontevedra autorizase o uso do estadio, algo que non era posible xa que ao tratarse dunha obra municipal calquera autorización nes termos ten que facela o Concello. No obstante, para poder resolver a situación, e tras falar co alcalde onte mesmo, o goberno de Carmela Silva trasladou ao concello a un técnico provincial que puido comprobar e recepcionar as obras, en nome do Concello,

co fin de proceder a reapertura do campo unha vez que asumiron desde instancias municipais a responsabilidade no desenvolvemento das obras e as medidas de seguridade correspondentes. A Deputación quixo facilitar así que os 200 deportistas do Erizana e as súas familias non sigan sendo as prexudicadas polo retraso na execución do proxecto e que non teñan que seguir desprazándose a outros campos da comarca. De feito, a institución provincial xa comunicou ao club Erizana as



medidas tomadas que suporán a volta dos deportistas ás instalacións.

O proxecto que executa o concello de Baiona no campo de O Aral conta coa financiación do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra por

importe de 245.569 euros e consiste nunha reforma do estadio que xa está rematada pero que sigue á espera da instalación da pista de atletismo que, segundo explica o concello, está pendente de que lles chegue o material.



## Aberta a campaña extractiva da centola e do boi nas provincias da Coruña e Pontevedra

A Consellería do Mar abriu a campaña extractiva da centola e do boi nas provincias da Coruña e Pontevedra. Nas áreas que van da Guarda ata Cabo Corrubedo (na provincia de Pontevedra) e de Cabo Corrubedo ata Cabo Estaca de Bares (na provincia da Coruña).

A campaña deste crustáceo nestas dúas provincias prolongarase ata o inicio da veda do ano 2019, que se fixará a

través do correspondente Plan de Xestión. No caso da parte que vai Cabo Estaca de Bares ata o río Eo -incluíndo a Ría do Barqueiro-, na provincia de Lugo, a campaña iniciárase o 3 de decembro.

A cota máxima de captura de cada unha destas especies será de 35 kg por barco e día, ao cal se engadirán 35 kg/día por cada tripulante enrolado e a bordo. Poderán participar na campaña todas as embarcacións con artes



menores e con porto base nesta comunidade, así como aquelas que tendo porto base noutras comunidades autónomas, teñan permisos especiais de pesca para faenar nestas augas.

## A área de descanso dos Muíños do Folón terá un punto de recarga de vehículos eléctricos

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar, mediante resolución presidencial, un novo investimento destinado ao concello do Rosal ao abeiro do Plan Concellos. Trátase esta vez dunha axuda de 20.002,38 euros para dar servizo eléctrico a un punto de recarga de vehículos na área de descanso e aparcamento "Muíños do Folón", dende o punto de entronque asignado pola compañía distribuidora.

Ademais desta achega, o goberno provincial ao través do Plan Concellos xa adxudicou anteriormente varias axudas para o municipio. En concreto, 363.873,57 euros na liña 1 destinados a financiar a mellora e reparación do auditorio municipal, a mellora peonil na EP3302, adquisición de material para a Feira do Viño do Rosal, subministro de bomba centrífuga para rego do campo de fútbol, novos espazos recreativos no

parque de Pias, melloras no sendeiro peonil de Pescadores, adquisición de mobiliario para edificios municipais, equipamento informático biblioteca municipal e equipamento para a recollida selectiva de lixo.

No que corresponde á liña 2, a Deputación de Pontevedra adxudicou 53.377,33 € a O Rosal para financiar a Feira do Viño, a Mostra da Camelia, o campamento de verán, a Festa Popular do Pilar, Festa do Cabaqueiro, campamento de inglés, Festa do Mirabel e un gasto corrente novo. E tamén, outros 127.360,83 € foron destinados á financiación da contratación de 15 traballadoras e traballadores que están a desempeñar funcións no concello, dentro da liña 3 do Plan de Concellos 2018.

A Deputación destina este ano a O Rosal, ao través do Plan Concellos, un total de 969.267,6 euros, un 74,22% máis que o ano pasado.

## Postos vacantes no Mercado de Goián

O Concello de Tomiño saca a licitación dous postos vacantes do Mercado de Goián. Un deles é para a venda de froitas e verduras e o outro para comercio de produtos alimentarios ou non alimentarios en xeral.

As bases que rexen a lici-

tación dos postos, e nas que se inclúe a documentación que deben presentar as persoas interesadas en facerse cun deles, pódense consultar e descargar pinchando na icona "Perfil do Concello" do seguinte enderezo electrónico: <https://tomino.gal/perfil-do-contratante/>

O prazo para presentar ofertas remata o 23 de novembro de 2018.

O Mercado de Goián, conta ademais con outros dous postos (un de carnicería e outro de venda de peixe), xa en proceso de adxudicación, e que estarán abertos a finais de ano.



## Presentación en Tomiño de libros de Francisco Álvarez-Koki

O mercado municipal de Tomiño acolleu a presentación do poemario "A memoria das palabras" e os libros infantis/xuvenís "Un neno na emigración" e "Vasoiras Barreiro" da autoría de Francisco Álvarez-Koki. O profesor, escritor e investigador, Armando Requeixo xunto co deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra, Xosé Leal e a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, acompañaron ao autor no acto.



## BAIXO MIÑO

## A GUARDA

## A Guarda celebrou a primeira charla de «Manual de instrucións para educar»

O pasado 30 de outubro a Casa dos Alonsos da Guarda acolleu a primeira sesión da terceira edición de «Manual de instrucións para educar», unhas charlas informativas organizadas dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil e Educación Familiar co fin de aportar aos pais e nais as ferramentas necesarias para afrontar dun xeito positivo e correcto o proceso educativo dos seus fillos e fillas.

O ciclo de “Manual de instrucións para educar” 2018 está composto por 4 charlas, despois desta primeira, “Educar con criterio” na que se tratou sobre os valores que queremos transmitir aos nosos fillos e como facelo, a segunda terá lugar o martes 13 de novembro

sobre «Límites na intimidade», a terceira o 27 de novembro sobre «Diferentes pero felices» e a última o 11 de decembro sobre «Vivir con sentido».

Na vindeira charla do martes 13 de novembro “Límites na intimidade” falarase sobre o amplo porcentaxe de persoas que sofre abuso na infancia e das estatísticas actuais, que continúan a ser alarmantes. É moi importante como pais e nais estar preparados para prever que algo tan desagradable e con graves consecuencias lles ocorra aos nosos fillos e fillas.

A charla do martes 27 de novembro “Diferentes pero felices” fará referencia a cando un fillo ou filla non encaixa perfectamente no normativo, cando por algunha razón física



ou psicolóxica é diferente. Resulta difícil para eles, xa que aínda que a todos nos gusta ser especiais nalgún sentido, é importante sentirse un máis, integrados e non excluídos, rechazados e sobre todo inferiores. É todo un reto para as familias dar un apoio a estes

nenos e nenas, dende a aceptación e a busca de todos os recursos necesarios para que sexan tratados con igualdade.

A charla do martes 11 de decembro “Vivir con sentido”, coa que se pecha este ciclo de charlas, tratará sobre a sociedade actual, onde o tema sobre

a morte tende a evitarse e sobre todo, cando a causa da mesma é porque un mesmo o ten decidido. O suicidio é unha das principais causas de morte, dando lugar a casos diarios, aínda que estes non se divulguen. Tamén hai casos de suicidio na infancia e máis frecuente na adolescencia. É vital que as nais e pais detecten os síntomas a tempo, axuden aos fillos e fillas a afrontar os seus problemas e tamén xeren no fogar un clima que favoreza as gañas de vivir.

Todas as charlas realizaranse na Casa dos Alonsos en horario de 19:30h a 21:00h e contarase con servizo de canguro de balde. Máis información na OMIX da Guarda e en Educación familiar nos teléfonos 986610000 e 98661 4507.

## O GES da Guarda visita os centros educativos para realizar charlas

Dende a pasada semana efectivos do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) da Guarda veñen de iniciar o ciclo de charlas informativas co arranque do novo curso lectivo.

Estas charlas informativas teñen como obxectivo que os rapaces e rapazas saiban como actuar ante situacións de risco ou emerxencias, coñecendo o funcionamento dos plans de autoprotección dos seus respectivos colexios e centros educativos, así coma saber coma realizar unha correcta evacuación en caso de incendio, grazas á realización de simulacros de evacuación.

Por outra banda, tamén este ano o GES da Guarda inicia nos centros educativos unha serie de xornadas adicadas aos primeiros auxilios, de cara a que o propio alumnado saiba como debe de ac-



tuar en caso de que algún compañeiro teña unha emerxencia de saúde ou se sinta indisposto. É de suma importancia atender nun primeiro momento e tamén saber como facelo dun xeito adecuado e correcto, minimizando os riscos para a saúde.

Estas actividades súmanse ás que se realizan anualmente en colaboración entre o GES da Guarda e os diferentes centros educativos da vila.

# COMERCIO INNOVA<sup>+</sup>

## PROGRAMA DE INNOVACIÓN PARA O COMERCIO

|                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>2018</b> <small>en</small> <b>CEMIT - Centro Cultural</b><br>14 novembro 16:30 - 16:30 h<br>Utilización práctica de Instagram<br>18 novembro 16:30 - 16:30 h<br>Utilización práctica de Facebook | <b>2019</b> <small>en</small> <b>Casa dos Alonsos</b><br>14 xaneiro 16:00 - 16:45 h<br>Novas tendencias en deseño de espazos comerciais<br>21 xaneiro 16:00 - 16:45 h<br>Innovación no cara a cara co cliente<br>28 xaneiro 16:00 - 16:45 h<br>Compartindo talentos: Xuntos chegase máis lonxe |
| <b>2018</b> <small>en</small> <b>Casa dos Alonsos</b><br>26 novembro 16:00 - 16:45 h<br>Conquistando clientes: Innovacións en comunicación e canles de venda                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                |

MÁIS INFORMACIÓN  
[www.aguarda.es](http://www.aguarda.es)

CONCELLO DA GUARDA DEPUTACIÓN DE PONTA DELgada



## A GUARDA

## Gastronomía e Arte, protagonistas dunha nova edición de “Petiscos con Arte”

O Concello da Guarda organiza a través da Concellería de Turismo unha nova edición da Ruta “Petiscos con Arte”, un evento que conxuga a gastronomía e a arte para ofertar aos participantes unha experiencia para os sentidos.

A Ruta “Petiscos con Arte” terá lugar as dúas fins de semana da segunda quincena de novembro, os días 16, 17, 23 e 24 en horario de mañá de 12:00h a 14:00h e tarde 19:00h a 21:30h.

Os 12 establecementos participantes nesta edición ofertarán un petisco ao prezo de 1,50€, elaboracións gastronómicas para todos os gustos con potaxes, “montaditos”, tostas, sushi, entre outros.

A finalidade da ruta é promocionar a gastronomía e a arte na Guarda, polo que as persoas participantes poderán degustar os bocados mentres contemplan as obras de pintura, escultura e fotografía expostas nos establecementos, contando con ilustracións, pinturas, fotografías e esculturas.

Nesta ruta colabora a Deputación de Pontevedra e ta-

mén a Adegas Gran Novas, que cederá 5 lotes de viño albariño para sortear entre os participantes na ruta que degusten o petisco e cumprimenten o boleto do sorteo.

Para premiar a fidelidade dos participantes haberá un sorteo de diferentes agasallos entre as papeletas entregadas

nas urnas, que estarán en cada establecemento. Cada participante que deguste un petisco recibirá unha papeleta que cumprimentará cos seus datos persoais e depositará na urna para entrar no sorteo. Habrá un pequeno acto de entrega aos premiados no sorteo (un premio por persoa).



## A OMIX oferta dúas novas actividades en novembro

A OMIX da Guarda oferta dúas novas actividades para este mes de novembro que consistirán nunha xornada de Micoloxía e un Obradoiro para personalizar axendas.

### Xornada de micoloxía

A xornada de micoloxía terá lugar o vindeiro sábado día 17 de novembro de 10:00h a 13:00h e de 16:00h a 18:00h e consistirá nunha formación a cargo da Asociación medioambiental A Jalleira. Pola mañá será a parte de formación e guía e pola tarde saírase ao monte para a procura de exemplares.

### Obradoiro “Personaliza a túa axenda 2019”

Obradoiro para crear e personalizar a túa propia axenda do ano 2019, unha actividade que combina a creatividade, o lúdico e tamén as técnicas de “DIY” faíno tí mesmo/a. Actividade na que pode participar toda persoa que queira ter a súa propia axenda diferente e feita por sí mesmo.

O Obradoiro terá lugar o venres día 23 de novembro en horario de 19:00h as 21:30h na Casa dos Alonso.

As inscricións para estas actividades será a través da OMIX da Guarda [informacion@aguarda.es](mailto:informacion@aguarda.es)





## MISCELANEA

## Expourense entregou os VIII Premios “Líderes en Calidade” para celebrar o Día Mundial da Calidade

**Casa Grande de Xanceda, Hospital Universitario Lucus Augusti, Colexio Rural Agrupado de Ponteceso, GADISA e Down Galicia foron os premiados**

“Líderes Ocultos. Heroes da Calidade”. Este foi o lema do Día Mundial da Calidade 2018 que se celebrou o 8 de novembro e que, como é habitual nos últimos anos, Expourense conmemorou organizando unha Xornada de Exaltación. Isto incluíu a entrega dos Premios “Líderes en Calidade” a empresas e institucións galegas recoñecidas por ser un modelo a seguir nos seus respectivos sectores e das que destaca o seu compromiso coa Calidade e co Medio Ambiente.

Esta entrega de premios foi o único acto celebrado en Galicia para celebrar o Día Mundial da Calidade e ten o obxectivo sensibilizar tanto a empresas privadas como a entidades públicas da necesidade de incorporar aos seus modelos de xestión as directrices da calidade e do medio ambiente, co fin de prestar servizos eficientes e acadar a satisfacción do cliente. Deste xeito, potenciase a existencia de empresas e administracións competitivas nun escenario globalizado.

A xornada comezou coa intervención do director xerente de Expourense, Alejandro Rubín, e o director da Rexión Atlántica de AENOR, Martín Pita, que son dous grandes defensores da implantación de sistemas de xestión de Calidade, Medio Ambiente e da Responsabilidade Social Corporativa nas empresas galegas e que insistiron en que “a calidade é un punto de encontro que nos fai sentir cómodos porque a todos nos gustan facer as cousas ben” e indicaron que xa un aspecto básico na competitividade empresarial.

### Líderes en Calidade

Por oitavo ano consecutivo,

un xurado integrado polo Comité Executivo de Expourense, a entidade de certificación AENOR e a consultora Serviguide,

Expourense como o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez; a secretaria da delegación territorial da Xunta de Galicia, Silvia Do-

200 hectáreas de prados e bosques nos que pasean e pacen 380 “vacas felices”. Foi unha das primeiras ganderías lácteas en converterse en ecolóxica, e na actualidade é o segundo maior produtor ecolóxico de España. Son todo un referente

xestión dos seus recursos manténdose ao nivel dos mellores centros de España. Cun modelo de xestión e atención orientado á calidade total, que aplica a mellor evidencia, impulsa as alianzas e apóiase solidamente nas novas tecnoloxías.

Sector Educación: Colexio Rural Agrupado Nosa Señora do Faro de Ponteceso.

Situado en Ponteceso (A Coruña), o Centro Rural Agrupado Ponteceso é un colexio especial, un Centro formado por outros centros pequenos, Escolas Unitarias, nas que se escolarizan nenos e nenas pertencentes a distintos niveis educativos: Educación Infantil e primeiros Ciclos de Educación Primaria. A presentación correu a cargo da súa directora Rosa Barreiro acompañada pola xefa de estudos, Ana Montáns e pola secretaria do centro, Paula Souto. O CRA está formado por oito unidades situadas en distintas parroquias pertencentes ao concello de Ponteceso (e tamén de Malpica), a distancia media entre elas é de oito quilómetros e dispón dun centro de reunión e traballo. Está integrado por sete mestres que atenden todas as áreas do currículo de Educación Infantil e de Educación Primaria así como as Especialidades L.O.G. S.E. O alumnado está formado por nenos e nenas de tres anos ata dez anos. A metodoloxía é a metodoloxía do encaixe, distintas partes dun mesmo ensamblaxe. A súa meta é que o alumnado aprenda vencellado ao medio que lle rodea sen que isto signifique caer no illamento. A súa política de calidade está baseada en detectar as necesidades e expectativas das partes interesadas e darlles saída a base de “correxir e mellorar”.

Medioambiente: GADISA. A presentación da política medioambiental de GADISA correu

*Continúa na páxina seguinte...*



elixiu ás empresas e institucións merecedoras dos premios “Líderes en Calidade” a empresas e entidades galegas. Estas pertencen aos sectores que máis preocupan ao cidadán como son a Alimentación, a Sanidade, a Educación ou o Medioambiente-Sustentabilidade. Este ano, como novidade, inclúese a categoría de Servizos Sociais, dado o importante papel que desempeña este sector nunha sociedade inclusiva.

A xornada comprendeu unha presentación de cada empresa ou institución distinguida sobre a súa experiencia ao incorporar a Calidade e o Medio Ambiente ao seu modelo de xestión. Con esta acción, o Padroado de Expourense pretende contribuir a poñer en valor o esforzo das organizacións que se dotan de sistemas que lles permiten competir mundialmente, independentemente da súa dimensión, e que poden servir de modelo a outras empresas.

Os premios foron entregados por membros do Padroado de

rado; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Jorge Pumar; e o vicepresidente da CEO; José Manuel Díaz. Ademais das empresas recoñecidas, entregouse un premio especial ao director de AENOR na rexión Atlántica, Martín Pita, que presentou e moderou estes premios durante as oito edición que levan entregándose.

As entidades premiadas como “Líderes en Calidade” polo xurado no 2018 foron:

Sector Alimentación: Casa Grande de Xanceda. A traxectoria desta empresa foi presentada polo seu xerente Guillermo Martínez e pola súa reposanble de calidade, Nuria Garaboa. Baixo a máxima do presidente da empresa de “Calidade, calidade, calidade” e de ofrecer “cercanía e transparencia”, Casa Grande de Xanceda está ubicada en Mesía (A Coruña) e está celebrando o seu 50º aniversario. É unha granxa familiar en Galicia, que produce leite e produtos lácteos ecolóxicos e de calidade. Ten 40 traballadores,

nos produtos elaborados con leite fresco e de pastoreo.

Sector Sanitario: Hospital Universitario Lucus Augusti. A presentación do Hospital Universitario Lucus Augusti, HULA pertencente á Estructura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, correu a cargo do seu xerente, Ramón Ares. Son un complexo sanitario público que da emprego directo a 5.500 traballadores e que atenden un área na que habitan 350.000 persoas. Entende a calidade como unha ferramenta de xestión para mellorar a calidade do servizo e a seguridade do paciente. Situado en Lugo, o HULA foi inaugurado no ano 2011 e está recoñecido como un centro orientado ás necesidades das persoas, aberto e accesible, e integrado na rede de Atención Primaria, centros hospitalarios públicos da provincia e outros centros de referencia de Galicia. Consolidouse como un hospital resolutivo e responsable na



## Monção: a partir de sábado há cordeiro todo o ano



Placa de recomendación foi entregue a 21 restaurantes

**D**ourada. Em metal. Com um 7 recortado e uma palavra a atestar a mestria: Recomendado. É assim a placa identificativa que 21 restaurantes do concelho receberam esta terça-feira e que os recomendam pela qualidade na confeção do prato mais típico do concelho, o Cordeiro à Moda de Monção, também conhecido por Foda à Monção. Foi também apresentado o Fim-de-Semana do Cordeiro à Moda de Monção, que vai realizar-se este sábado e domingo, dias 17 e 18. Conta com a adesão de 18 dos 21 restaurantes recomendados. “Só não estão todos, porque três estão encerrados para férias”, explicou o Vice-Presidente da Câmara, João Oliveira.

A partir de sábado, passaremos a ter Cordeiro durante todos os dias do ano. Uma verdade garantida pelo novo Guia do Cordeiro. Uma brochura

disponível a toda a comunidade e visitantes onde está a já chamada Escala do Cordeiro. De segunda a sexta-feira, há um restaurante por dia a servir o prato. Ao sábado, a escala é idêntica, mas com mais restaurantes de serviço. E ao domingo, todos os estabelecimentos aderentes vão servir esta Maravilha de Portugal à Mesa.

Recorde-se que, para a obtenção daquela placa identificativa, os 21 restaurantes tiveram de assinar um protocolo onde se comprometem a seguir regras rígidas. Logo à cabeça, o cumprimento da escala. Terão também de ter na sua Carta de Vinhos pelo menos sete marcas diferentes de Alvarinho de Monção. Outra das regras mais importantes que os estabelecimentos terão de obedecer é a de garantir que “os animais foram abatidos no matadouro de Monção”.

## PRESENTACIÓN

**Ramón Caride**

profesor e escritor

**Valentín García**

secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

**Antonio Martínez “Cachi”**

ilustrador

**Francisco Álvarez “Koki”**

autor



**venres  
16 de novembro  
ás 20.00 h  
Centro  
Cultural  
da GUARDA**

**O** vindeiro venres día 16 de novembro ás 20:00h o Centro Cultural da Guarda acolle a presentación dos últimos traballos literarios do escritor guardés Francisco Álvarez «Koki».

Francisco Álvarez «Koki» é un escritor nado na Guarda no 1957 que

reside en Nova York, cidade na que funda o colectivo Celso Emilio Ferreiro para amosar a cultura galega a través de diversas actividades.

Neste acto presentará os libros «Un neno na Emigración», «A Memoria das Palabras» e «Vasoiras Barreiro», editados por Edicións Fervenza de Silleda.

...Ven da páxina anterior.

a cargo do seu xefe de publicidade, José Luis Fernández Astray, que explicou que esta empresa vén desenvolvendo unha estratexia de sustentabilidade ambiental que, a grandes liñas, baséase en tres alicerces fundamentais: eficiencia enerxética, aprovisionamento sustentable e redución de residuos e emisións. Para cada un destes obxectivos intégrase unha serie de actuacións e melloras coa premisa de engadir valor ao servizo minimizando o impacto xerado. Ademais das accións desenvoltas

internamente en materia de sustentabilidade ambiental, tamén colabora con iniciativas externas promovidas por entidades como o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), ao que leva 15 anos apoiando no seu labor de fomento de boas prácticas ambientais en todos os sectores sociais, a través de accións como, por exemplo, os Congresos de Educación Ambiental para centros de ensino. En conto á Responsabilidade Social Corporativa, Gadisa unha gran

importancia ao seu propio programa, no que se implican tanto os traballadores como o equipo directivo. En 2017 colaborou con 2.137 accións, das que moitas contan co seu apoio desde hai anos e son un referente do labor social. Ten ademais, especial coidado na selección dos seus provedores que prefiere que sexan locais e ecolóxicos.

Servizos sociais: Federación Galega de Institución para a Síndrome de Down - Down Galicia. A presentación de Down Galicia correu a cargo da súa

directora, Sonia Caldas, quen indicou que a “calidade xenera credibilidade e recoñecemento social”. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás sete Asociacións específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia. A Federación foi creada a principios do ano 1.998 para canalizar as demandas do colectivo de persoas coa síndrome de Down ante a Administración e achegar solucións para contribuír a normalizar a súa situación na sociedade. A súa principal misión é coordinar,

apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa con síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade. Os principios que rexen a súa actividade son: Diversidade, Dignidade, Autodeterminación, Igualdade de oportunidades e Inclusión.



# A FEMP enxalza as boas prácticas desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra

**Soamente 15 deputacións de todo o Estado, entre as que se situou a de Pontevedra, conseguiron que as súas propostas fosen recollidas como axeitadas pola FEMP para combater o despoboamento rural. Carmela Silva anunciou no encontro da Comisión de Deputacións da FEMP que a Deputación vai poñer en marcha un novo proxecto para acollerse ao RD 1234/2018 a través do cal se van beneficiar 500 mozas e mozos de 31 concellos da provincia.**

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, amosou a súa satisfacción tras coñecer que a Comisión de Deputacións da FEMP, na reunión celebrada en Santa Cruz de Tenerife, recolleu as propostas da institución pontevedresa como boas prácticas para fixar poboación no rural. Deste xeito, a Deputación de Pontevedra xunto con outras 14 de España, foron as únicas que conseguiron que as súas propostas fosen recoñecidas como axeitadas para combater o despoboamento rural.

No encontro celebrado en Tenerife, Carmela Silva tivo a oportunidade de presentar as iniciativas que a institución está a liderar para fixar poboación no rural. A presidenta provincial fixo fincapé na necesidade de garantir equipamentos sociais e deportivos en todo o territorio provincial para combater o despoboamento. Neste eido, Silva mencionou plans como o PICEI ou o Plan de Reequilibrio que están encamiñados a equilibrar equipamentos nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Outra das liñas que deu a coñecer Silva como necesaria para fixar poboación é a articulación de medidas para equilibrar a desigualdade de xénero garantindo a permanencia da

muller no rural. En concreto, a presidenta mencionou as iniciativas que está a liderar a Deputación de Pontevedra en materia de emprego, emprendemento e formación que implican a discriminación legal positiva, apostando pola contratación das mulleres e da mocidade.

Tamén explicou Silva a necesidade de apostar polas novas tecnoloxías para combater o despoboamento rural e acadar territorios máis intelixentes. Neste eido, a presidenta da Deputación referiuse a programas como SmartPeme, a iniciativas tecnolóxicas de apoio ao sector turístico como o TouristInside Rías Baixas, ou de apoio a outros sectores mediante as novas tecnoloxías como o proxecto Viñas Atlán-

ticas. Igualmente mencionou o xeoportal IDEPO e o proxecto de administración electrónica para axudar aos concellos de menos de 50.000 habitantes a cumprir coas obrigas da Lei 30/2015.

Ademais, e en canto a medidas lideradas pola Deputación de Pontevedra para fixar poboación no rural, a FEMP tamén acolleu as boas prácticas da institución pontevedresa relativas ás axudas ao sector forestal para preservar, mellorar, e destacar valores naturais e culturais ademais de implantar medidas fronte a incendios forestais. Do mesmo xeito, tamén se tiveron en conta os programas formativos para a mellora, produción, cultivo e comercialización dos produtos agrarios e proxectos como Protura



ou Depoverde.

Noutra orde de cuestións, durante o encontro da Comisión de Deputacións da FEMP tamén se fixo mención ao novo Real Decreto 1234/2018 de 5 de outubro polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación. Neste eido, a presidenta da Deputación aproveitou este punto na orde do día da Comisión de Deputacións da FEMP para felicitar ao Goberno do Estado pola posta en marcha deste decreto e por ter en conta as opinións dos organismos intermedios coa organización de xornadas como o do 13 de novembro en Madrid no que estivo presente a deputada de Emprego Montse Magallanes.

Carmela Silva anunciou que a Deputación de Pontevedra ten xa unha proposta que levará o vindeiro martes a Madrid á reunión convocada polo Ministerio para afondar no Real Decreto. Máis polo miúdo, a presidenta adiantou que a institución provincial vai pre-

sentarse á convocatoria cun proxecto de formación específica en turismo, medio ambiente e tecnoloxías de 200 horas, destinado a 500 mozas e mozos de entre 16 a 22 anos dos concellos de Agolada, Arbo, Barro, Campo Lameiro, A Cañiza, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, Forcarei, Fornelos de Montes, A Illa de Arousa, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, AS Neves, Oia, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Pontecesures, Portas, Rodeiro, O Rosal, Silleda, Valga e Vila de Cruces. En total, o proxecto conta cun orzamento de 1,5 millóns de euros e está previsto que se desenvolva ao longo de 2,5 anos.

Finalmente, a presidenta da Deputación aproveitou a ocasión para formular ante a Comisión de Deputacións da FEMP a necesidade de facer chegar a Europa que cada vez que se aproben instrucións de financiamento se teñan en conta ás entidades locais e deputacións. Deste xeito “poderemos dar a coñecer cales son as dificultades de cada territorio e poderanse desenvolver programas e medidas axeitadas ás nosas necesidades reais”.

